

EXTRACTO

Extracto do certificado da Xunta de Goberno Local de data 24 de Setembro de 2024, polo que se aproban as **BASES DA CONVOCATORIA PARA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO. 2024**

BDNS(Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b e 20.8 a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

PRIMERO. Destinatarios/as.

Os/as deportistas que participen nas competicións referidas incluídas nos seus respectivos calendarios de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional e manteñan na data de presentación de solicitudes a súa actividade competitiva e federada.

Os/as aspirantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empadroados no Concello de Soutomaior antes do **01-01-2024**
- Estar federados no período para o que se solicita a axuda e na data de solicitude da mesma dentro da modalidade que practiquen.
- Participación mínima en 4 probas que formen parte do calendario oficial da federación correspondente ou participación en 2 eventos catalogados como actividade deportiva competitiva non oficial ou acontecementos deportivos competitivos non oficiais de relevancia estatal² ou autonómica.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e co Concello de Soutomaior.
- Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

SEGUNDO. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios que regularán a convocatoria do programa: Axudas para deportistas individuais do Concello de Soutomaior, 2024 para a tempada 2023-2024.

Terán a consideración de deportes de carácter individual aquelas prácticas ou disciplinas deportivas que non requiren de acompañamento para levarse a cabo, é dicir que poden realizarse en solitario.

Actuación subvencionable:

- A participación en competicións deportivas federadas oficiais¹ en modalidade individual ou parellas .
- A participación en competicións deportivas non oficiais ou en acontecementos deportivos competitivos non oficiais de relevancia estatal² e autonómica en modalidade individual ou parellas regulamentariamente

¹Entenderase por competición deportiva federada oficial, os campionatos, as ligas ou circuitos de diferentes competicións que se atopen baixo o amparo e organización dunha federación deportiva internacional, estatal ou autonómica e formen parte dos seus calendarios oficiais



establecidos.

TERCEIRO. Bases Reguladoras.

Bases reguladoras. Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2024 pola que se aproban **BASES DA CONVOCATORIA PARA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO 2024.**

CUARTO. Importe das subvencións e financiamento.

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de **8.500 €** con cargo á partida 341.480

O importe da axuda individual calcularase seguindo a seguinte formula:

$$\frac{8.500 \text{ €} \times \text{Puntuación individual}}{\text{Puntuación total dos solicitantes.}}$$

A puntuación individual final de cada solicitante establecerase polos puntos obtidos na baremación multiplicados polo coeficiente do deporte.

* Se hai deportes non especificados na lista, será competencia da comisión de valoración fixar o coeficiente a aplicar por asimilación con deportes semellantes.

A contía máxima a percibir por deportista non poderá superar o 10% do orzamento total da liña.

QUINTO: PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes haberán de presentarse no prazo de **10 días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.**

Estas bases publicaranse na páxina web do Concello de Soutomaíor, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia.

Soutomaíor, na data que figura na marxe

O Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

2 Entenderase por actividade deportiva competitiva non oficial ou acontecemento deportivo competitivo non oficial de relevancia estatal aqueles eventos, probas e demais acontecementos deportivos organizados ou recoñecidos polas federacións deportivas españolas, administracións públicas ou terceiros de acordo cos requisitos establecidos regulamentariamente.

